

1. O Imperio: o Principado

Aínda que o complot dos **idus*** de marzo pretendía manter o sistema de goberno republicano, e evitar a volta ao poder persoal, á Monarquía, non conseguiu o seu obxectivo xa que, tras a morte de César, aparece un segundo **triunvirato*** formado por Marco Antonio, Lépido e Octavio. Os tres homes loitarán por conseguir o poder sumindo aos romanos en continuas guerras civís, que finalizarán no ano 30 a.C. coa morte de Marco Antonio.

Nese momento, todo o poder quedará en mans do sobriño de César, Octavio. El porá fin de feito ao sistema republicano para dar paso ao Imperio, que se estenderá ata o ano 476 d.C. É evidente que ao longo dos cinco séculos que durou o Imperio houbo momentos de auxe e de crise. Neste tema estudaremos o que aconteceu até o ano 235 d.C.: período que comprende o auxe do Imperio e o comezo da súa decadencia. Ao longo destes anos, como iremos estudando, ostentarán o poder membros de distintas familias:

- Os Xulio-Claudios, que con Octavio Augusto, Tiberio, Calígula, Claudio e Nerón permaneceron no poder ata o ano 68 d.C.
- Os Flavios, que se mantiveron no poder dende o 69 até o 96 d.C. con Vespasiano, Tito e Domiciano.
- Os Antoninos, que desempeñaron os labores de goberno dende o 98 até o 192 d.C. con Traxano, Hadriano, Antonino Pío, Marco Aurelio e Cómodo.
- Os Severos que estiveron á fronte do Imperio dende o 193 ata o 235 d.C. con Septimio Severo, Caracala, Macrino, **Heliogábalo*** ou Elagábalo e Alexandre Severo.

1.1. A familia Xulio-Claudia (30 a.C. ao 68 d.C.)

Como dixemos, tras a morte de Marco Antonio, todo o poder queda en mans dun dos triunviros, Caio Octavio, fillo de Atia, sobriña de Xulio César e de Caio Octavio.

Este home, que posuía dotes de estadista, sabía o odio que os romanos sentían cara á monarquía. Intelixente, non quixo poñer de manifesto os seus desexos de instaurar un réxime persoal; aínda que acaparou todo o poder, mantivo, de modo simbólico, as institucións republicanas. Recibiu do **Senado*** os títulos de Augusto e de **Princeps***, “o primeiro dos cidadáns”. Deste último deriva o nome co que se coñece a primeira parte do Imperio, o Principado. Augusto



O Imperio Romano en tempos de



comportouse como un gobernante moi prudente que soubo dar ao pobo romano o que máis necesitaba nese momento: paz. En efecto, os romanos estaban fartos das loitas fraticidas, das guerras civís, e Octavio logrou reducir os conflitos internos dando paso á denominada **pax augusta**.

Ademais de manter as antigas asembleas, implantou o **Consilium principis***, órgano deliberante, de carácter civil, as funcións do cal non estaban claramente establecidas, e a prefectura do Pretorio, de carácter militar. Esta última adquiriu co tempo unha importancia capital na historia de Roma. A persoa que ocupaba o cargo, o **prefecto do pretorio***, estaba á fronte da famosa **garda pretoriana*** composta por máis de nove mil homes, o que supoñía en realidade ser o xeneral de todas as forzas de Italia. Co tempo, os pretorianos, co seu prefecto de pretorio á cabeza, alcanzaron unha cota de poder tan grande que se involucraron na vida política de Roma, na que desempeñaron un papel decisivo ao depoñer e nomear emperadores ao seu antollo.

Ao non ter fillos coa súa esposa Livia, Augusto viuse obrigado a buscar un sucesor. As circunstancias quixeron que este fose Tiberio, un dos fillos que Livia tivera no seu primeiro matrimonio. Así, cando Octavio Augusto morre o 19 de agosto do ano 14 d.C., sucédelle Tiberio, que instaurará un período de terror que non culminará até a morte de Nerón.

Tiberio Claudio Nerón gobernou dende o 14 ao 37 d.C. Cando subiu ao poder, tiña 55 anos e unha longa experiencia diplomática e militar, pois conquistara Xermania. Non obstante, o seu carácter pesimista e desconfiado acentuouse cos anos e coas traizóns que o ameazaban e que culminaron cun complot para acabar coa súa vida tramado por Sexano, o seu prefecto de pretorio. A partir dese momento exerceu unha dura tiranía baseada no terror.

Ao morrer no 37 d.C. sen fillos, sucedeulle o seu sobriño Caio Xulio César, ao que adoptara.

Cando subiu ao poder Caio Xulio César, a quen os soldados chamaban Calígula polas sandalias militares que adoitaba levar, chamadas **cáligas***, o pobo romano recobrou a esperanza de que con el, fillo de Xermánico e de Agripina, volveuse unha época dourada que puxese fin á tiranía de Tiberio. Non obstante, estas expectativas pronto se viron defraudadas. As súas extravagancias próximas á loucura e a súa extremada crueldade obrigaron aos pretorianos a acabar coa súa vida. De feito, foi asasinado en xaneiro do ano 41 d.C. Á súa morte creouse un baleiro de poder que permitiu aos pretorianos elixir ao novo emperador. A persoa elixida foi Claudio, tío de Calígula e irmán de Xermánico, ao que os pretorianos encontraron escondido tras unhas cortinas dentro do palacio.

Vinte e catro horas máis tarde Claudio foi ratificado polo **Senado*** como novo emperador. Durante os trece anos que estivo no poder, do 41 ao 54 d.C., demostrou que a súa elección foi a mellor que podía facerse nese momento. Britania foi conquistada polo seu fillo. Ademais, deu un importante papel aos **libertos*** no funcionamento do Estado, o que favoreceu a igualdade destes cos nobres.

No 54 Claudio morreu envelenado pola súa cuarta esposa, Agripina, que pretendía que Lucio Domicio Nerón, o fillo que tivo nun matrimonio anterior, sucedese a Claudio. Tras a morte do emperador, Nerón presentouse ante a garda e o exército para ser proclamado emperador; só quedaba que o Senado o ratificase, o que sucedeu un tempo despois.



O goberno de Nerón, que se prolongou dende o 54 ata o 68 d.C., comezou de forma prometedora, ben aconsellado polo seu preceptor Séneca e por Burro, o prefecto do pretorio. Non obstante, a relación coa súa nai Agripina arrefriouse e empezou a ser moi tensa, até o punto de que Nerón ordenou o asasinato da súa nai. Tamén envelenou o seu medio irmán Británico. Con estas mortes remata o quinquenio que os romanos coñeceron como a boa época de Nerón, xa que as mortes violentas afectaban só á súa familia. A partir deste momento converteuse no tirano que pasou á Historia. Acusóuselle de provocar o grande incendio que arrasou Roma no 64 d.C.

No 68 d.C. o Senado elixiu a Galba, de 72 anos, para suceder a Nerón, que, sen o apoio do exército e odiado por todos, fíxose matar por un dos seus libertos.

Non obstante, o comportamento de Nerón socavara tanto a figura do emperador que, ao longo do ano 69 d.C., sucédense tres emperadores, pois a Galba úneselle Otón, elixido polos pretorianos, e Vítelio aclamado polo exército de Xermania. A caótica situación remata co suicidio de Otón e cos sucesivos asasinatos de Galba e de Vítelio. No mesmo ano o Senado entrega o poder a Vespasiano. Con el ponse fin á dinastía Xulio-Claudia, e comeza o mandato dos Flavios.

1.2. Os Flavios (69 ao 96 d.C.)

Tito Flavio Vespasiano tivo que enfrontarse a unha delicada situación, pois cos feitos descritos o pobo romano atopábase desmoralizado e ademais enfrontábase a unha forte crise militar. Era preciso dar unha clara sensación de autoridade. Á vez, había que granxearse canto antes a confianza do pobo. Afortunadamente para Roma Vespasiano conseguiu todo isto nos dez anos que durou o seu goberno, do 69 ao 79 d.C. Puxo de manifesto grandes dotes como militar e como administrador, e restableceu o diálogo co **Senado*** e co pobo. Grazas a iso, sobreviviu o Imperio. Á súa morte, é nomeado emperador o seu fillo Tito que, aínda que gobernou pouco máis de dous anos, do 79 ao 81 d.C., gozou da simpatía do pobo, que enxalzou a súa figura, grazas aos éxitos que obtivo en Palestina e ao seu xeneroso comportamento nas situacións difíciles ás que tivo que facer fronte: a peste que asolou o Imperio, a erupción do Vesubio que sepultou baixo as súas cinzas as cidades de Pompeia e Herculano e o incendio do Capitolio e o Campo de Marte.

Sucedelle o seu irmán Domiciano que gobernou dende o 81 ata o 96 d.C. No aspecto militar continuou coa conquista de Britania. Cos anos, apartouse do camiño iniciado polo seu pai e irmán, e distanciou se novamente do pobo e do Senado. De feito, morreu asasinado.

Tras a súa morte, o Senado comprendeu que debía intervir na elección do novo emperador e decidiu elixir como tal un dos seus membros, Nerva. Pode dicirse que con el comeza a época dourada do Imperio, que se prolongará até a morte de Marco Aurelio. Nerva tivo o grande acerto de devolver ao **Senado*** o destacado papel que lle correspondía. Ademais, ao ter 70 anos, quixo garantir a sucesión, motivo polo que adoptou e designou como herdeiro a Marco Ulpio Traxano: este converteríase nun dos mellores emperadores de Roma. Deste modo, cando no ano 98 d.C. tras dous anos no poder e uns meses despois de adoptar a Traxano, Nerva morre, o Imperio quedará en moi boas mans.

1.3. Os Antoninos (98 ao 192 d.C.)

Marco Ulpio Traxano, nacido en Hispania, concretamente en Itálica, converteuse no primeiro emperador procedente dunha provincia. Ocupará o poder dende o 98 ata o 117 d.C. Durante o primeiro ano do seu mandato, tivo que permanecer en Xermania para reforzar as fronteiras do Imperio, que con el alcanzou a súa máxima extensión, xa que se embarcou en novas conquistas, como a de Mesopotamia e, sobre todo, a da Dacia (Mapa do Imperio no s.II d.C.) A pesar desa política de conquistas, Traxano ocupouse tamén dos asuntos internos, embeleceu Roma e impulsou a institución dos **alimenta**, especie de beneficencia destinada ás persoas necesitadas, que lle valeu o título de **Optimus** concedido polo Senado.

Xa ao final do seu mandato, participou na campaña contra os partos. Precisamente cando regresaba a Roma no ano 117 d.C., morreu. As súas cinzas foron enterradas xunto á columna que conmemoraba as súas conquistas. Antes da súa morte, adoptou un dos seus lugartenentes, Hadriano, parente afastado seu, que será o elixido para substituílo no poder.



O Imperio Romano
en tempos de Traxano

Cando Hadriano é nomeado emperador no ano 117 d.C., decátase de que o Imperio non se pode seguir estendendo, xa que resulta demasiado grande para poder controlalo. Así pois, renuncia mesmo a algunhas conquistas do seu predecesor e dedícase a percorrer todas as provincias sufocando as posibles rebelións e reforzando as fronteiras.

En política interna, Hadriano restituíu a importancia do **consilium principis***, con reunións periódicas deste órgano consultivo. Preocupado pola sucesión, consciente de que moitos dos problemas do Imperio radicaban nela, decidiu, ao non ter fillos, adoptar o que habería de ser o seu herdeiro, Tito Aurelio Antonino, coñecido máis tarde como Antonino Pío. Non contento con isto, fixo que Antonino adoptase á súa vez a Marco Aurelio Vero e a Lucio Vero, que entón contaba sete anos. Con isto trataba de asegurar a sucesión a longo prazo. Así, cando morre no 138 d.C., ocupa o poder Antonino Pío.

Con este emperador chega un momento de paz e de equilibrio político e social. Impulsou as obras benéficas iniciadas polos seus predecesores e mantivo cordiais relacións co pobo e o **Senado***. No ano 146 d.C. asociou ao goberno a Marco Aurelio, un dos seus fillos adoptivos. Cando, tras vinte e tres anos de estar no poder, no ano 161 d.C., morre sen deixar fillos varóns, os seus fillos adoptivos, Marco Aurelio Vero e Lucio Vero son xa adultos.

Marco Aurelio Vero pertencía a unha familia hispana. Home culto, tiña ademais amplos coñecementos xurídicos. Cando se converteu en emperador, tiña unha ampla experiencia de goberno, xa que exercera



o poder asociado a Antonino Pío durante máis de dez anos. El tamén asocia ao goberno a Lucio Vero, co que exerce o mando de forma colexiada, de xeito parecido aos **cónsules*** de época republicana. Non obstante, Lucio Vero morre prematuramente no ano 169 d.C., frustrándose así a liña sucesoria establecida por Hadriano. Ante esta eventualidade, Marco Aurelio asocia ao poder ao seu fillo Cómodo.

Nos últimos anos do seu mandato, a rebelión dos pobos xermanos reclamou a súa atención e a súa presenza. Antes de morrer en *Vindobona*, a actual Viena, tivo tempo de escribir en plena campaña contra os xermanos, as *Meditacións*, obra publicada tras a súa morte. Nela plasma o seu pensamento próximo ao **estoicismo***, con reflexións de índole filosófica e moral.

No ano 180, tras a morte de Marco Aurelio, sobe ao poder Marco Aurelio Cómodo Antonino. Este, fillo de Marco Aurelio e da súa esposa Faustina, mostrou pronto o seu carácter desequilibrado. Afeccionado aos combates de **gladiadores***, el mesmo participou neles ao igual que Nerón o fixera como **auriga*** nas carreiras de carros. Víctima temperá de conspiracións, viu acrecentada a súa crueldade e desconfianza. A persecución á que someteu aos **senadores*** e a súa loucura, que lle levou a identificarse con Hércules, propiciaron a súa morte, pois foi asasinado no ano 192 d.C.

De novo sen un claro sucesor, os pretorianos elixiron a Pértinax como novo emperador. Este intentou facer o que Nerva realizara tempo atrás, devolver o seu importante papel ao Senado; non obstante, foi asasinado en marzo do 193 d.C., aos tres meses de alcanzar o poder.

Tras a súa morte optaron ao posto o seu sogro Flavio Sulpiciano e Didio Xuliano. Os pretorianos elixiron emperador ao segundo por recibir unha maior cantidade de diñeiro del. Pero, á vez, as **lexións*** da Galia elixiran como emperador a Pescenio Níxer, e as de Xermania a Septimio Severo. Este último, entrou en Roma e conseguiu que os pretorianos abandonasen a Didio Xuliano que foi asasinado por un soldado en xuño do 193. O Senado aceptou a Septimio Severo como emperador, e este dispúxose a someter ao seu rival Pescenio Níxer, que finalmente morreu, cando pretendía refuxiarse entre os partos.

1.4. Os Severos (193 ao 235 d.C.)

A partir deste momento, non xurdiron máis inimigos para Septimio Severo, que loitou contra os partos e que, no ano 208 d.C., en compañía da súa esposa Xulia Domna e dos seus dous fillos Septimio Basiano e Septimio Xeta, dirixiuse a Britania para enfrontarse coas tribos que poñían en perigo a muralla de Hadriano. Alí permaneceu guerreando até que morreu no seu cuartel xeral no 211 d.C.

Á morte de Septimio Severo, os seus dous fillos trataron de repartirse o Imperio; pero a súa nai Xulia Domna opúxose a esa repartición, o que desencadeou unha loita fratricida polo poder. A vitoria foi para o fillo maior, Septimio Basiano, alcumado Caracala pola capa céltica, longa e con carapucha que adoitaba vestir.

Caracala centrou o seu interese na política exterior, desexoso de emprender grandes conquistas que lle permitisen ser considerado un novo Alexandre. Precisamente no ano 217 d.C., cando se dispoñía a



enfrentarse aos partos, unha vez atravesado o Tigris, foi asasinado a instancias do seu **prefecto do pretorio***, Macrino.

Con Macrino sobe por primeira vez ao poder un home que non pertence á clase senatorial, senón á **orde ecuestre***. Previendo a posibilidade de ser abandonado polos soldados, apresurouse a asociar ao goberno ao seu fillo que só tiña nove anos. Non obstante, o seu mandato durou moi pouco, pois no 218 d.C. os **lexionarios*** deron o seu apoio a Vario Avito Basiano, sobriño neto de Xulia Domna, a nai de Caracala. Posto que este último non tivo fillos, os lexionarios nomearon emperador baixo o nome de Marco Aurelio Antonino a este familiar afastado de Caracala. Macrino quixo opoñerse a el, pero foi vencido e morto ao igual que o seu fillo.

Así pois, o mozo Marco Aurelio Antonino, máis coñecido como **Heliogábalo*** ou Elagábalo, converteuse en emperador, cargo que ocupou dende o 218 ata o 222 d.C. A súa xuventude impediulle dedicarse a gobernar, e preferiu entregarse ao culto ao Sol e a grandes orxías, o que escandalizou ao pobo romano, que viu como a corte de Heliogábalo se compoñía de bufóns, de rameiras e de favoritos dun e outro sexo. O escándalo culminou cando casou cunha **vestal*** e instalou en Roma a pedra negra que representaba o deus Sol.

A avoa de Heliogábalo quixo asegurar a sucesión deste, e, como non tiña fillos, fixo que adoptase ao seu primo Xesio Basiano, que chegaría a emperador co nome de Alexandre Severo. Heliogábalo, que o odiaba, intentou desfacerse del predispoñendo na súa contra aos pretorianos. Non obstante, nun deses intentos foi o propio Heliogábalo o que atopou a morte.

Alexandre Severo, durante os seus trece anos de goberno, do 222 ao 235 d.C., tratou de devolver ao Senado o esplendor que lle negaron os seus predecesores, pero o seu intento resultou infrutuoso. Ademais, Alexandre Severo non conseguiu ter o apoio dos senadores que, pouco a pouco, se retiraron ás provincias. Aínda que conseguiu vencer aos persas, tivo que acudir pronto a loitar contra os xermanos que se sublevaran de novo. En vez de enfrentarse a eles comprou a súa retirada, o que irritou ás súas tropas, que acabaron por asasinalo en marzo do 235.

Tras un período que abrangue do 193 ao 235 d.C., no que baixo os Severos se dá un respiro ao Imperio, coa morte de Alexandre Severo comeza o final do principado, pois durante os 50 anos seguintes, período denominado **anarquía militar***, o Imperio romano está ao bordo da desaparición, e, cando Diocleciano sexa nomeado emperador no ano 285, o Imperio recuperárase un pouco, pero farao baixo outra forma, o **dominado***, como estudaremos na unidade seguinte.

No seguinte esquema presentamos unha visión global da sucesión das dinastías que se sucederon no poder durante este período do imperio romano.



O IMPERIO (30 a.C. -476 d.C.)		
PRINCIPADO (30 a.C. ao 253 d.C.)	FAMILIA XULIO-CLAUDIA (30 a.C. ao 68 d.C.)	Octavio Augusto (30 a.C. -14 d.C.) Tiberio (14 ao 37 d.C.) Calígula (37 ao 41 d.C.) Claudio (41 ao 54 d.C.) Nerón (54 ao 68 d.C.)
	Emperadores elixidos no 69 d.C. polo Senado (Galba) ou polo exército (Otón e Vitelio)	Galba Otón Vitelio
	DINASTÍA FLAVIA (69 ao 96 d.C.)	Vespasiano (69 ao 79 d.C.) Tito (79 ao 81 d.C.) Domiciano (81 ao 96 d.C.)
	O Senado elixe un dos seus membros	Nerva (96 ao 98 d.C.)
	DINASTÍA DOS ANTONINOS (98 ao 192 d.C.)	Traxano (98 ao 117 d.C.) Hadriano (117 ao 138 d.C.) Antonino Pío (138 ao 161 d.C.) Marco Aurelio (161 ao 180 d.C.) Cómodo (180 ao 192 d.C.)
	Os pretorianos elixen os sucesores en distintas partes do Imperio. Pértinax é asasinado e os outros tres enfróntanse por conseguir o poder.	Pértinax (193 d.C.) Didio Xuliano (193 d.C.) Pescenio Nixer (193 d.C.) Septimio Severo
	DINASTÍA SEVERA (193 ao 235 d.C.)	Septimio Severo (193 ao 211 d.C.) Caracala (211 ao 217 d.C.) Macrino (217 ao 218 d.C.) Heliogábalo (218 ao 222 d.C.) Alexandre Severo (222 ao 235 d.C.)

Realiza o apartado 1 das Actividades de repaso